

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

7156 *Real decreto 294/2016, do 15 de xullo, polo que se establece o procedemento para a xestión dos dereitos mineiros e dos dereitos do dominio público de hidrocarburos afectados polo cambio do sistema xeodésico de referencia.*

A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, foi recentemente modificada pola Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, co fin de adaptar o sistema xeodésico de referencia ás novas prescricións introducidas polo Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España. En concreto, modifícase o artigo 76.2 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, e derrógase o parágrafo segundo do artigo 99.1 do Regulamento xeral para o réxime da minaría, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, por canto se opón ao disposto no citado Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo.

Esta adaptación prevé a adopción en España do sistema de referencia xeodésico global ETRS89 no ámbito da Península Ibérica e das illas Baleares e o sistema REGCAN95 no ámbito das illas Canarias, substituíndo o sistema xeodésico de referencia rexional ED50 sobre o cal actualmente se estaba a compilar a cartografía oficial, permitindo así unha completa integración da cartografía oficial española cos sistemas de navegación e a cartografía doutros países europeos. Así mesmo, e en correspondencia co anterior, determínanse os sistemas de representación de coordenadas que se deben utilizar para compilar e publicar a cartografía e a información xeográfica oficial segundo as súas características.

En analogía co sector mineiro, a Lei 18/2014, do 15 de outubro, actualiza o sistema xeodésico de referencia que se debe empregar na exploración, investigación e produción de hidrocarburos con efectos de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2015.

A adopción destes novos requisitos supón un importante proceso de adaptación das concesións mineiras e dos dereitos do dominio público de hidrocarburos españois ás novas referencias cartográficas, o que dá lugar á xeración de demasías. Por isto se considera necesario establecer un procedemento para a xestión das concesións mineiras e dos dereitos do dominio público de hidrocarburos que resulten afectados polo cambio do sistema xeodésico de referencia global.

Este real decreto consta de cinco artigos, estruturados en tres capítulos. No capítulo I establécese o obxecto e o ámbito de aplicación. O capítulo II aplícase ás concesións mineiras reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e o capítulo III aos dereitos de dominio público de hidrocarburos, regulados pola Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Na disposición transitoria única establécese o réxime xurídico que se debe aplicar aos expedientes que estivesen en fase de tramitación na data do 1 de xaneiro de 2015, que é a de entrada en vigor da Lei 18/2014, do 15 de outubro, para regular os efectos da continuación do expediente canto á delimitación do terreo afectado.

Esta regulamentación desenvólvese de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda da Lei 18/2014, do 15 de outubro, que habilita o Goberno para aprobar un real decreto en materia de minaría e de hidrocarburos.

Durante a elaboración deste real decreto efectuáronse consultas ás comunidades autónomas e ao sector afectado.

O presente real decreto apróbase ao abeiro do artigo 149.1.25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases de réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude e por proposta do ministro de Economía e Competitividade, por suplencia do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro

de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para a xestión dos dereitos mineiros afectados polo cambio do sistema xeodésico de referencia, e, en particular, o procedemento para a asignación de demasías mineiras xeradas como consecuencia desa adaptación, para os permisos e aproveitamentos de recursos das seccións C) e D), en desenvolvemento do establecido no artigo 76.2 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

2. Así mesmo, ten por obxecto establecer o procedemento para a xestión dos dereitos do dominio público de hidrocarburos afectados polo cambio do sistema xeodésico de referencia, así como o procedemento de asignación de demasías xeradas como consecuencia desa adaptación.

CAPÍTULO II

Dereitos mineiros

Artigo 2. *Definición de demasías.*

Todas as cuadrículas mineiras que comprendan terreos incluídos dentro do perímetro de demarcación de permisos de exploración, permisos de investigación ou concesións de explotación outorgados conforme lexislacións anteriores, ou referidas a calquera sistema de referencia distinto ao definido no artigo 76.2 da Lei de minas, na nova redacción introducida pola Lei 18/2014, do 15 de outubro, consideraranse como non rexistrables e os espazos francos que comprendan poderán ser outorgados como demasías aos titulares das concesións de explotación cuxos terreos estean total ou parcialmente situados dentro da propia cuadrícula, podendo atribuírse todo o terreo franco a un só dos concesionarios ou dividilo entre dous ou máis, segundo a conveniencia técnica da explotación e as vantaxes sociais e económicas que os concesionarios ofrezan.

Artigo 3. *Tramitación dos expedientes de demasías.*

A tramitación das demasías xeradas polo cambio do sistema xeodésico de referencia establecida no artigo 2 deste real decreto realizarase segundo o procedemento establecido no artigo 57 do Regulamento xeral para o réxime da minaría aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

CAPÍTULO III

Dereitos de dominio público de hidrocarburos

Artigo 4. *Definición de demasías.*

1. Toda cuadrícula xeográfica dun minuto de lado, en coincidencia con minutos enteiros de latitude e lonxitude, que comprenda terreos incluídos dentro do perímetro de demarcación de permisos de investigación ou concesións de explotación de hidrocarburos ou de almacenamento subterráneo para estes, outorgados ou solicitados conforme lexislacións anteriores ou referidos a calquera sistema de referencia distinto ao definido no

artigo 9.6 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, considerárase como non rexistrable e os espazos francos poderán ser outorgados como demasías aos titulares das concesións de explotación cuxos terreos estean total ou parcialmente situados dentro da propia cuadrícula.

2. As áreas de exclusión definidas en permisos de investigación de hidrocarburos e concesións de explotación ou almacenamento de hidrocarburos non xerarán demasías para os efectos deste real decreto.

Entenderase por área de exclusión aquela superficie comprendida nun permiso de investigación ou nunha concesión de explotación sobre a cal existe unha prohibición implícita ou explícita que impide os labores de investigación ou explotación.

Artigo 5. *Tramitación dos expedientes de demasías.*

1. A tramitación dos expedientes de solicitudes de demasías xeradas polo cambio do sistema xeodésico de referencia establecidas no artigo 4 deste real decreto realizárase de oficio ou por instancia de parte interesada a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Para estes efectos, requirirá simultaneamente todos os estremeiros para que, se lles interesa, poidan presentar solicitudes sobre a totalidade da área no prazo de dous meses.

2. As solicitudes a que se refire o número anterior presentáranse acompañadas dun comprobante da constitución da garantía a que se refire o artigo 21 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

3. A demasía adxudicárase mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros ao solicitante que, a xuízo da Administración, ofrezca unha actuación máis eficaz entre os estremeiros, á vista das condicións en que estean outorgadas as súas concesións de explotación, podendo atribuírse todo o terreo franco a un só dos concesionarios ou dividilo entre dous ou máis.

4. Cumpridos todos os requisitos de adxudicación, no prazo de quince días procederase a devolver a garantía, ou a substituíla por outra de menor importe, aos demais solicitantes, se os houber, en proporción á superficie que non lles foi adxudicada.

5. A área adxudicada en calidade de demasía agrégase á concesión de explotación a que foi adxudicada co mesmo carácter e formando un todo con aquela para todos os efectos da lei, en particular no referente ao canon de superficie.

6. Cando, requiridos de oficio pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, os titulares de concesións de explotación estremeiros dunha demasía non presenten solicitude para a súa adxudicación, quedarán excluídos da súa solicitude posterior durante a vixencia dos permisos ou concesións que deron lugar a tal demasía.

Disposición adicional única. *Incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Expedientes en tramitación.*

1. Os expedientes de dereitos mineiros e de dereitos do dominio público de hidrocarburos que estivesen en tramitación antes do 1 de xaneiro de 2015 instruíranse e resolveranse de acordo co disposto na normativa vixente até esa data.

Para o outorgamento dos dereitos mineiros, o elipsoide de referencia será o internacional de Hayford (Madrid, 1924), datum europeo (Postdam, 1950) e meridiano de Greenwich como orixe de lonxitudes. Adoptárase a proxección universal transversal Mercator (UTM) e a distribución de fusos e zonas internacionais.

Para os dereitos do dominio público de hidrocarburos, cumprírase o disposto na redacción do derogado artigo 16.3.2 do Regulamento da Lei sobre investigación e explotación de hidrocarburos do 27 de xuño de 1974, aprobado polo Real

decreto 2362/1976, do 30 de xullo, no que non se opoña á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, con data anterior ao 1 de xaneiro de 2015.

2. As solicitudes de pasaxe a concesión que teñan lugar con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, pero que sexan derivadas dun permiso de investigación outorgado con anterioridade a esa data, consideraranse como continuación do expediente de que derivan para efectos da delimitación do terreo afectado, e seralles de aplicación o disposto no número 1 desta disposición transitoria se a solicitude do permiso de investigación de que derivan é anterior ao 1 de xaneiro de 2015.

Así mesmo, as solicitudes de concesións de explotación ou de almacenamento de hidrocarburos que teñan lugar con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 pero deriven dun permiso de investigación de hidrocarburos outorgado ou solicitado con anterioridade a esa data, consideraranse como continuación do expediente de que derivan para efectos de delimitación do terreo afectado e seralles de aplicación o disposto no parágrafo primeiro do número 1 desta disposición transitoria.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases de réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
P. S. (Real decreto 160/2016, do 15 de abril),
O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO